

Hoxe venres, 16 de xuño ás 11:15 realizouse unha concentración de profesorado e membros da comunidade educativa para amosar a repulsa contra o paso dos módulos de FP para persoas adultas a FP a distancia.

No caso do noso centro transforman dous grupos do Ciclo Medio de Instalacións de Telecomunicacións (ITC) e un grupo do Ciclo Superior de Mantemento Electrónico (MEL).

Nestes ciclos hai módulos moi prácticos nos que hai riscos eléctricos (trabállase con estaño e materiais corrosivos), a montaxe de infraestruturas de edificios, antenas de redes, fibra óptica etc ... polo que o paso a distancia non é doado se se quere un ensino de calidade.

No caso de MEL de persoas adultas o alumnado cúrsao en tres anos, o centro ofrece a matrícula para cada bloque en cursos distintos. Precisamente para o 23-24 ofrecemos o terceiro bloque, isto é, para persoas que cursaron aquí presencialmente 1º e 2º. E agora fan cambialos de modalidade sen aviso previo.

A maiores, cáusanos moito enfado a forma de comunicalo: O luns enviaron un correo pedindo a revisión urxente da oferta. Respondeuse desde o centro que estaba correcta, excepto que había un erro nos ciclos de persoas adultas porque poñía a distancia e tiña que poñer presencial. Non houbo resposta escrita ata o día de hoxe a ese correo ata o día de hoxe. Ante os rumores, preguntouse por teléfono á Consellería e confirmaron que pasaban a adultos e a "comunicación" era a petición de revisión do luns... O alumnado afectado estáse a enteirar polos medios de comunicación.

Desde o centro non sabemos que dicirlles... O prazo de matrícula comeza o día 23 de xuño...

IES Urbano Lugo – A Coruña

